



XXXV
CONCURSO DE TARXETAS DE
Nadal

Concello de Brión



XXXV

CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL

:: BASES DE PARTICIPACIÓN ::

Participantes:

Poderán participar todos os rapaces e rapazas de Brión, que cursen Educación Infantil ou Primaria, cun único traballo por autor/a.

Condicións técnicas:

As medidas e técnica empregada será libre, coa única temática do Nadal. As tarxetas poden incluír algún texto relacionado co tempo do Nadal, sempre que este sexa en lingua galega. As tarxetas presentaranse sen sinatura, debendo levar ao dorso os datos do/a autor/a: nome, apelidos, idade e curso.

Data e lugares de presentación:

As tarxetas poderán presentarse ata o 19 de decembro no CEIP de Pedrouzos, nas Escolas de Educación Infantil ou na Casa da Cultura de Brión.

Premios:

Tres premios individuais para cada Escola de Educación Infantil:

1. EEI Os Ánxeles:

- 1º Premio: Vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.
- 2º Premio: Vale de 25 € para libros, xogos ou material escolar.
- 3º Premio: Vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

2. EEI Sabaxáns:

- 1º Premio: Vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.
- 2º Premio: Vale de 25 € para libros, xogos ou material escolar.
- 3º Premio: Vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

3. CEIP Pedrouzos:

- 1º Premio: Vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.
- 2º Premio: Vale de 25 € para libros, xogos ou material escolar.
- 3º Premio: Vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

Tres premios individuais para cada Ciclo en Educación Primaria:

1º Ciclo de Educación Primaria:

1º Premio: Vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.

2º Premio: Vale de 25 € para libros, xogos ou material escolar.

3º Premio: Vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

2º Ciclo de Educación Primaria:

1º Premio: Vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.

2º Premio: Vale de 25 € para libros, xogos ou material escolar.

3º Premio: Vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

3º Ciclo de Educación Primaria:

1º Premio: Vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.

2º Premio: Vale de 25 € para libros, xogos ou material escolar.

3º Premio: Vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

Propiedade das obras:

As obras gañadoras quedarán en propiedade do Concello de Brión.

Así mesmo, os/as autores/as das obras participantes no Concurso ceden o dereito de reprodución fotográfica das mesmas ao Concello de Brión, co fin de dar publicidade a este evento, comprometéndose este a incorporar, xunto á reprodución, o nome e apelidos da persoa autora.

Composición do xurado:

As obras presentadas pasarán por dous xurados de escolla:

- No CEIP de Pedrouzos, un xurado designado polo propio centro, realizará unha primeira selección entre as tarxetas alí realizadas.
- As seleccionadas polo CEIP serán recollidas por persoal do Departamento de Cultura do Concello de Brión, onde se terá designado un xurado que realizará a selección final entre todas as presentadas.

O fallo do xurado emitirase o **5 de xaneiro de 2026**, reservándose o dereito a declarar algún premiodeserto, se o estimase oportuno. O veredicto do xurado será inapelable.

O xurado e a organización resérvanse o dereito de resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso en todo o non previsto nestas normas.

O feito de participar neste Concurso supón a aceptación destas bases.



**Concello
de Brión**

